

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Decreto 360/1998, do 4 de decembro, polo que se regula a dotación de medios persoais do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se determina o inicio da súa actividade.

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) foi creado como un ente de dereito público pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG nº 68, do 9 de abril).

A súa creación responde á vontade da Administración autonómica galega de contar cun novo sistema de xestión informática especializada destinada ó tratamento mecanizado das materias orzamentarias, tributarias, contables e, en xeral, económico-financeiras.

Na actualidade este tipo de funcións están encomendadas ó Centro de Proceso de Datos (CPD), integrado na Consellería de Economía e Facenda, e o dito órgano, unha vez creado o novo ente, debe ser substituído por este.

Por iso a finalidade do presente decreto é establecer as medidas indispensables para a posta en marcha do Cixtec e o tránsito de funcións do CPD a aquel.

Con este obxecto, por unha banda determínase o momento de inicio das actividades do Cixtec. Por outra, prevese que o ente público se subroga nas funcións do CPD. E, por último, régulase a forma en que o persoal que presta servizos no CPD pode integrarse no Cixtec, no marco da regra xeral prevista no punto catro da disposición adicional quinta da citada Lei 2/1998.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de decembro de mil novecentos noventa e oito,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

O presente decreto ten por obxecto regular a dotación de medios persoais que prestarán servizo no ente público Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e determina-lo inicio da súa actividade.

Artigo 2º

O Cixtec quedará efectivamente constituído na data de entrada en vigor do presente decreto, e iniciará o exercicio das funcións que ten encomendadas o 1 de xaneiro de 1999.

2. O Cixtec asumirá, igualmente desde o 1 de xaneiro de 1999, as atribucións e servizos que viña

prestando o Centro de Proceso de Datos da Consellería de Economía e Facenda, extinguíndose este centro e subrogándose o ente público en tódalas súas funcións.

Artigo 3º

1. O presente decreto afecta ó seguinte persoal con destino actual no Centro de Proceso de Datos da Consellería de Economía e Facenda:

- a) Persoal funcionario.
- b) Persoal laboral.
- c) Persoal interino.
- d) Persoal contratado administrativo.

2. Todo o persoal que no momento da entrada en vigor do presente decreto teña asignado o seu posto definitivo de traballo no Centro de Proceso de Datos da Consellería de Economía e Facenda, quedará adscrito ós servizos do Cixtec, sen prexuízo da regulación que se leva a cabo nos artigos seguintes. O dito persoal conservará, en calquera caso, os dereitos consolidados e deberes que viña tendo consonte a súa regulación xurídica, laboral ou administrativa concreta.

As unidades de informática das delegacións territoriais da Consellería de Economía e Facenda quedan adscritas ó Cixtec, e poden solicitar a súa integración nel aquelas persoas que, ocupando prazas nestas unidades á entrada en vigor do presente decreto, teñan o seu posto de traballo definitivo na Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 4º

1. O persoal funcionario que no momento da entrada en vigor do presente decreto tivese o seu posto definitivo no Centro de Proceso de Datos da Consellería de Economía e Facenda poderá solicitar, no prazo de 2 meses desde esa data, integrarse no cadro de persoal laboral do Cixtec.

Este persoal, unha vez integrado, trala resolución da Dirección Xeral da Función Pública, quedará no seu corpo de orixe na situación de excedencia voluntaria prevista no artigo 55.1º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificado pola Lei 3/1995, do 10 de abril e pola disposición adicional décima da Lei 11/1996, do 31 de decembro. A devandita situación persistirá mentres se mantéña a relación de servizos que lle deu orixe e ese tempo seralle recoñecido ó persoal funcionario para os efectos de antigüidade e dereitos pasivos no caso de que reingrese na Administración autonómica.

O persoal funcionario que opte por non integrarse no cadro de persoal laboral do Cixtec quedará adscrito a este segundo o previsto no punto 2 do artigo 3º deste decreto.

2. A situación xurídica do persoal funcionario integrado no cadro de persoal laboral do Cixtec regularase polo III Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

A retribución que se estableza para este tipo de persoal será igual, cando menos, á suma das retribucións básicas e dos complementos de destino e específico que como funcionario tivera consolidado e viñese percibindo no momento da integración no Cixtec.

Así mesmo seralle recoñecida para tódolos efectos a antigüidade que lle corresponda e conservará os dereitos que puidera ter recoñecidos cara á súa posible integración nas escalas de informática creadas polos artigos 16, 17 e 18 da Lei 15/1991, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1992.

3. O persoal funcionario de carreira que se atope en situación administrativa de servizos especiais á entrada en vigor do presente decreto e desempeñase como último posto de traballo en servizo activo algún dos postos do Centro de Proceso de Datos da Consellería de Economía e Facenda poderá solicitar-la integración sinalada no punto 1 deste artigo, no prazo de 2 meses desde a entrada en vigor deste decreto ou ben no momento de solicita-lo seu reingreso no servizo activo.

Artigo 5º

1. O persoal laboral fixo que na data de entrada en vigor do presente decreto preste os seus servizos no Centro de Proceso de Datos da Consellería de Economía e Facenda poderá solicitar, no prazo de 2 meses desde esta data, a súa integración no cadro de persoal laboral do Cixtec.

Este persoal, unha vez integrado, trala resolución da Dirección Xeral da Función Pública, pasará á situación de excedencia voluntaria por incompatibilidade prevista no artigo 26.4º do III Convenio Colectivo Único para o persoal da Xunta de Galicia, podendo optar, no caso de reingreso, a unha praza de igual ou inferior categoría á do posto que viña desempeñando.

O persoal laboral fixo que opte por non integrarse no cadro de persoal laboral do Cixtec quedará adscrito a este segundo ó previsto no punto 2 do artigo 3º deste decreto.

2. A situación xurídica do persoal laboral fixo integrado no Cixtec regularase polo III Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

A retribución que se estableza para este tipo de persoal será igual, cando menos, á que viña percibindo no momento da integración.

Así mesmo seralle recoñecida a antigüidade e os dereitos e deberes que os teña recoñecido na súa relación xurídico-laboral coa Xunta de Galicia.

Artigo 6º

O persoal interino e o contratado administrativo que á entrada en vigor do presente decreto preste servizos no Centro de Proceso de Datos da Consellería de Economía e Facenda, poderá, así mesmo, integrarse co mesmo carácter no Cixtec mediante solicitude, que deberá presentar no prazo de 2 meses desde aquela data.

O persoal ó que se refire o presente artigo que estivese afectado polo disposto na disposición transitoria décima da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, conservará os dereitos establecidos na disposición transitoria décimo primeira da devandita lei.

Artigo 7º

1. As solicitudes de integración previstas no presente decreto faranse mediante escrito dirixido ó presidente do Cixtec.

O presidente do ente público, unha vez vistas as solicitudes presentadas e as necesidades de persoal do ente en relación cos postos de traballo, resolverá sobre aquelas nun prazo non superior a 4 meses desde o remate do prazo de presentación das solicitudes.

Transcorrido o dito prazo sen resolver sobre as solicitudes, entenderase que o silencio administrativo ten carácter positivo.

Disposicións adicionais

Primeira.—O disposto no presente decreto enténdese sen prexuízo das expectativas de dereitos que lle puidesen corresponder ó persoal que na data da súa entrada en vigor preste servizo no Centro de Proceso de Datos da Consellería de Economía e Facenda, en virtude dos concursos de traslados ou procesos selectivos actualmente en trámite na Administración autonómica.

Segunda.—O III Convenio Colectivo Único para o persoal da Xunta de Galicia, ou outro que o substitúa, será aplicado no Cixtec en canto este non dispoña de convenio colectivo propio.

Disposicións derradeiras

Primeira.—Autorízase o conselleiro de Economía e Facenda para dicta-las disposicións necesarias para a execución deste decreto.

Segunda.—Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, catro de decembro de mil novecentos noventa e oito.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

Decreto 361/1998, do 4 de decembro, polo que se aproba o estatuto do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec).

As funcións relativas á xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación dos distintos procesos informáticos de natureza tributaria, contable, orzamentaria e, en xeral, económico-financeira fóronlle atribuídas ó Centro de Proceso de Datos, dependente da Consellería de Economía e